

RUTAS AO AIRE LIBRE

FEBREIRO 2023

RÍO MERO



DATA: sábado, 25 de febreiro de 2023

HORARIO: por cuestións de luz solar só se realizará en quenda de mañá

- **Quenda de mañá:** hora de inicio 10:00 h.
Hora prevista de finalización 14:00 h.

PUNTO DE SAÍDA:

<https://goo.gl/maps/SBgfZ2z4e5kujMtN8>

PUNTO DE CHEGADA:

<https://goo.gl/maps/SBgfZ2z4e5kujMtN8>


TELÉFONO DE CONTACTO (só para o día da ruta): 604 07 72 76

DESCRICIÓN:

Reunirémonos de novo en Cambre para a ruta do mes de febreiro que percorre nesta ocasión o paseo fluvial que segue o río Mero desde Cambre cara ao encoro de Cecebre.

Seguiremos un cómodo carreiro que nos levará río arriba. Nalgún punto teremos que cruzar estradas secundarias para retomar o camiño. Este carreiro atópase dentro do Consorcio das Mariñas. Borearémolo por unha banda do río e regresaremos pola beira contraria pertencente ao concello de Culleredo.


A pesar de ser un lugar próximo a unha poboación importante como a de Cambre, souberon manter unha contorna de interese natural en todo o percorrido, xa que é un espazo natural protexido coa figura de LIC (lugar de importancia comunitaria) da Rede Natura 2000 e poderemos atopar bosques de árbores autóctonas.



NIVEL DE DIFICULTADE: dificultade baixa

DISTANCIA: 11,9 km

DURACIÓN APROXIMADA: de 3 horas e 15 minutos, segundo a táboa. Porén, consideramos que tardaremos 4 horas debido aos posibles cambios do estado do terreo polo que hai que camiñar, sempre en función das persoas participantes. Grupo mínimo de 8 persoas e máximo de 30.



MAPA












PERFIL:

73 m



-13 m

11,93 km

Río Mero			
horario	3h 15' 	 1	severidade no medio natural
desnivel de subida	120 m 	 1	orientación no itinerario
desnivel de baixada	120 m 	 2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	12 Km 	 3	cantidade de esforzo
tipo de percorrido	Circular 		
Condicións de todo o ano, tempos estimados segundo o criterio MIDE, sen paradas. Calculado sobre datos de 2023.			

COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	<p>Medio. Severidade do medio natural</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	<p>Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	<p>Desprazamento. Dificultade no desprazamento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	<p>Esfuerzo. Cantidade de esforzo necesario</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
<p><small>Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)</small></p>	